

## Comentario ao Semestre Europeo 2026 de Primavera

O día 3 de xuño a Comisión Europea (CE) publicou as conclusións do Semestre Europeo 2026. Este documento publícase dúas veces cada ano, unha en primavera e outra en outono. O recentemente publicado é o de primavera. O informe parte dos obxectivos de política económica que se aprobaran en 2025 e valora, Estado por Estado da Unión Europea (UE), o grao en que se cumpriron nos últimos 6 meses. Feita a valoración, cada Estado recibe unhas Recomendacións Específicas por País.

Que din sobre o gasto social as recomendacións para o Estado español?

1º. “O envellecemento da poboación está situando baixo crecente presión as finanzas públicas: pensións, coidados sanitarios, defensa, está previsto que se incrementen significativamente”

2º. “A pobreza infantil e a desigualdade de ingresos continúa requirindo atención. Mellorar a cobertura e adecuación das transferencias sociais, incluíndo o seu vínculo coa activación, axudaría a afrontar estes retos”.

As recomendacións non establecen un vínculo directo entre o “excesivo” gasto en pensións e a pobreza infantil. Porén, o contexto de certos debates públicos, permite entender que si existe. Un argumento repetido nos medios de comunicación é que se debería reducir o gasto en pensións, para incrementar as partidas dedicadas a axudas por fillo e vivenda. Para fundamentar este argumento pártese das taxas de pobreza por idade<sup>1</sup>.

Tramo de idade	< 18 anos	18 a 29 anos	30 a 64 anos	Máis 65 anos
Taxa de pobreza, %	28,4%	19,7%	17,8%	16,4%

A taxa de pobreza entre as persoas maiores de 65 anos é a máis baixa das 4 cohortes de idade en que se divide a poboación. A máis alta corresponde aos menores de 18 anos. Que “só” unha de cada 6 persoas xubiladas viva en situación de pobreza sería aceptábel. Neste marco, debemos entender que o obxectivo que se debería acadar é que a pobreza infantil baixase até situarse na mesma porcentaxe que a das persoas maiores. Porén, o obxectivo en sociedades ricas como as europeas debería ser a eliminación da pobreza, o que requiriría reformas económicas e sociais ambiciosas.

### A CUESTIÓN DAS PENSIÓNS E A COMISIÓN EUROPEA

Un dos obxectivos establecidos en 2025 para os Estados membros é “promoción das pensións dos réximes de pensións complementarios”, quer dicir, plans de pensións privados de capitalización. Este obxectivo alíñase co impulso á financiarización da economía promovido desde os bancos, as compañías de seguros e os fondos de investimento, e plenamente asumido pola CE. Porén, o principal obstáculo para a extensión dos fondos privados é a existencia de pensións públicas suficientes. Para que os fondos privados florezan é imprescindible que se reduza o nivel das pensións públicas

---

<sup>1</sup> EAPN-Es, *El Estado de la Pobreza. Seguimiento de los indicadores de la agenda 2030 de la EU.*

até o nivel de pensións de subsistencia. A partir desa pensión mínima igual para todas as persoas traballadoras, os salarios medios e altos deberán subscribir un plan de pensións de capitalización de empresa e outro individual.

Tres novos argumentos apoian este modelo: 1) é necesario reducir o gasto en pensións públicas para destinar máis recursos ao rearme europeo, 2) é necesario promover os fondos privados de capitalización para alimentar un mercado único de capitais que financie o investimento en reindustrialización e nas soberanías tecnolóxica e militar, 3) é necesario desviar parte do excesivo gasto nas xeracións máis vellas (pensións, sanidade, coidados) para destinalo ás xeracións máis novas.

Nos últimos meses emitíronse repetidos sinais de que as institucións europeas, e os laboratorios de ideas das finanzas, procuran a redución do gasto en pensións públicas e a súa substitución parcial por pensións privadas de capitalización:

1. En setembro de 2024, Mario Draghi publicou un relatorio sobre a competitividade que lle fora encargado pola CE. Draghi recoñecía que “é improbable que o sector privado poida financiar a parte do león deste investimento sen o apoio público” e, entre outras medidas, propuña promover os fondos de pensións de capitalización como fonte de financiamento.

2. En decembro de 2025, o secretario xeral da OTAN, Mark Rutte, declarou “os países europeos gastan facilmente até unha cuarta parte da súa renda nacional en pensións, saúde e sistema de seguridade social, necesitamos unha pequena fracción dese diñeiro para fortalecer a nosa defensa”.

3. Recentemente a comisaria de Servizos Financeiros, Aforro e Investimentos, Maria Luís Albuquerque, propuxo que os traballadores europeos subscriban plans de pensións privados case obrigatorios que, segundo ela, axudarán “aos europeos a manter o seu estándar de vida” durante a xubilación.

4. O primeiro ministro belga, De Wever, aprobou en outubro de 2025 duras medidas antisociais que incluían o endurecemento das condicións de acceso á prestación por desemprego e á xubilación anticipada, ao tempo que anunciaba que estudaba desvincular a suba dos salarios do IPC. Nos días en que adoptaba estes cortes, aterraban en Bélxica, 11 cazas F-35 fabricados nos EEUU cun custo de case 1.700 millóns de euros.

5. O chanceler alemán, Merz, propuxo en abril, reducir as pensións públicas até unha pensión mínima de subsistencia que deberá complementarse con pensións privadas de capitalización de empresa e individuais.

6. O 29 de maio, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (Airef) demandou do goberno español que mude a regra de valoración do gasto en pensións. Para Airef, ao analizar a viabilidade do sistema público de pensións deben incluírse todos os custos ligados ao envellecemento: sanidade, atención á dependencia e outros. Ademais, estes gastos son os responsábeis do incremento da débeda pública que prognostica. O corolario é que o gasto en pensións é insostíbel e polo tanto que son necesarias reformas adicionais para baixalo. Unha das razóns aducidas é que o gasto en

pensións impide investir noutras políticas. Este argumento da Airef conecta coas recomendacións do Semestre Europeo.

7. O 22 de maio, o FMI, publicou as súas recomendacións para a economía española nas que advirte sobre o “crecemento dos gastos relacionados co envellecemento” e propón como unha das medidas chave, “adicionais reformas das pensións”. Debemos entender que dirixidas á redución do gasto na liña dos cancelados Factor de Sustentabilidade e Índice de Revalorización das Pensións. Ademais, apoia “reforzar o rol do consello fiscal independente”, quer dicir, da Airef.

8. O vicepresidente de Fedea, Conde-Ruiz, dirixe unha intensa ofensiva para instigar unha guerra entre xeracións. A responsabilidade da precariedade laboral e os baixos salarios, da imposibilidade de acceder a unha vivenda, e da epidemia de problemas de saúde mental das xeracións máis novas recaería no egoísmo das xeracións xubiladas. Desenvolve esta tese en numerosos artigos con grande eco nos medios dominantes e dous libros, *¿Qué será de mi pensión?*, 2014, e *La juventud atracada. Cómo un electorado envejecido cercena el futuro de los jóvenes*, 2023. Acompáñano neste dubidoso afán, as xornalistas Analía Plaza e Estefanía Molina. A primeira publicou *La vida cañón*, fórmula coa que describe a vida das xeracións hoxe xubiladas. Molina é a autora da *Los hijos de los boomers. La muerte de la clase media*. Estas catro narracións teñen en común a ocultación do conflito de clases pola distribución do valor entre traballo e capital e do conflito entre caseiros e inquilinos pola apropiación da renda para o substituír polo conflito entre xeracións. Segundo a súa extravagante teoría Marta Ortega e as traballadoras de Zara que fan folga para reivindicar o mantemento do poder adquisitivo compartirían intereses comúns. En fronte estarían, tamén unidos por intereses partillados, Amancio Ortega, o maior magnate inmobiliario do mundo con propiedades superiores a 21 mil millóns de euros, e os millóns de pensionistas que perciben menos do salario mínimo interprofesional.

9. Volvendo ao Semestre Europeo, a CE propón a todos os Estados membros actuar en 11 ámbitos. O sexto, “promoción do aforro en esquemas de pensións complementarias e a mellora do acceso á innovación financeira”.

Sirvan estes 9 exemplos para comprender a amplitude e profundidade da ofensiva contra os sistemas públicos de pensións que se desenvolve no Estado español e en todo o espazo da UE. As recomendacións para o Estado español do Semestre Europeo, as suxestións do FMI e as propostas da Airef de 29 de maio insírense nesa ofensiva. Fan parte da galaxia de organismos non electos de goberno da economía que consideran que os poderes democráticos: parlamentos autonómicos, estatal e europeo, e gobernos electos carecen de lexitimidade para decidir sobre asuntos económicos. Estes deben recaer na Airef, no European Fiscal Board (EFB, o organismo europeo xemelgo da Airef), na CE, no FMI, na OCDE e no Banco Mundial. Pretenden o triunfo póstumo e definitivo do TINA (There Is Not Alternative<sup>2</sup>) de Margaret Thatcher e a intensificación do proceso

---

<sup>2</sup> Non existe alternativa. Para o neoliberalismo non existe alternativa á única política económica posíbel: privatizacións, políticas antisindicaís, desregulación do comercio e as finanzas ...

de financiarización que conseguiu o triunfo histórico da desaparición da clase industrial británica, substituída polo desenvolvemento da City como nodo global de captación de rendas. Aínda que o prezo que se debeu pagar foi o da decadencia da capacidade produtiva da economía británica. Ironía de ironías: en abril de 2025, o goberno de Starmer viuse obrigado a nacionalizar British Steel, a derradeira fábrica de aceiro primario en territorio insular, que o grupo chinés Jingye decidira pechar.

## CONCLUSIÓN

A curto prazo, e mentres se manteña o actual goberno, dificilmente se aprobarán novas medidas de conxelación do poder adquisitivo das pensións. Porén, a presión descrita máis arriba vai continuar. En novembro de 2027 cúmprense os 4 anos da actual lexislatura. Antes desa data convocaranse eleccións xerais. O goberno que se forme recibirá presións para que reduza o gasto en pensións. Existen dúas vías para conseguilo:

1ª Volver introducir algún tipo de Índice de Revalorización das Pensións para desligar a suba anual do IPC.

2ª Volver aprobar algún tipo de Factor de Sustentabilidade que reduza as pensións iniciais en función da evolución da esperanza de vida.

Existe a posibilidade certa de que despois das eleccións se constitúa un goberno do PP e Vox. Ese goberno sería moito máis sensíbel aos intereses da economía financeira e lexislaría para favorecer máis intensamente os plans privados de capitalización.

O Movemento Social en Defensa das Pensións Públicas (MSDPP) debe comprender o estado do conflito económico e social ao redor da configuración dos sistemas de pensións e prepararse para informar, organizar e mobilizar.

Xabier Pérez Davila, xuño 2026